

## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	1º ESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>PROFESORADO:</b>	Xosé Lois Lago

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? *(Distribución aproximada dos contidos)*

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura, audición, creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> o dicionario; o alfabeto galego; sinónimos e antónimos; monosémicas e polisémicas; homonimia e paronimia.</li> <li>• <b>Funcionamento da lingua:</b> a estrutura das palabras: lexemas e morfemas; a formación de palabras; o substantivo: xénero e número; o artigo; o adxectivo: xénero, número, grao e clases.</li> <li>• <b>Ortografía:</b> a grafía das letras; o sistema vocálico; a sílaba: sílaba tónica e sílaba átona; o acento gráfico nas palabras agudas.</li> <li>• <b>Comunicación e educación literaria:</b> o texto e as súas clases: texto oral e texto escrito; os textos da vida cotiá; os textos dos medios de comunicación: o xornal e a noticia; a narración: narrador e diálogo; a descrición; a exposición.</li> <li>• <b>Lingua e sociedade:</b> lingua, linguaxes e diversidade lingüística; bilingüismo e plurilingüismo; os rexistros lingüísticos.</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura, audición, creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> o campo semántico; a abreviación: abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos; a formación de substantivos e adxectivos.</li> <li>• <b>Funcionamento da lingua:</b> o adxectivo determinativo: demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos; o pronome: pronomes persoais tónicos e átonos; outros pronomes; o verbo: formas verbais, número e persoa, tempo e modo, formas non persoais.</li> <li>• <b>Ortografía:</b> o acento gráfico nas palabras graves e esdrúxulas; uso de &lt;b&gt; e &lt;v&gt;; uso do &lt;h&gt;; uso de &lt;s&gt;, &lt;x&gt;, &lt;c&gt; e &lt;z&gt;.</li> <li>• <b>Comunicación e educación literaria:</b> os textos literarios; os recursos estilísticos; os xéneros literarios: narrativa, lírica e teatro; o conto: conto popular e conto literario; a banda deseñada: características.</li> <li>• <b>Lingua e sociedade:</b> as variedades lingüísticas.</li> </ul>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura, audición, creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> a formación de verbos e adverbios; os conectores; a fraseoloxía popular: frases feitas e refráns; as palabras tabú e os eufemismos.</li> </ul>

- **Funcionamento da lingua:** a conxugación verbal: modos do verbo, infinitivo flexionado, verbos irregulares e semirregulares; as palabras invariables: adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións; a oración simple: suxeito e predicado; as modalidades oracionais: oracións dubitativas, desiderativas, interrogativas e exclamativas.
- **Ortografía:** uso de <ll>, <qu> e <rr>; os signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma.
- **Comunicación e educación literaria:** a lírica: características; a estrofa: concepto e clases, romance e soneto; a literatura popular: cantigas e regueifas; o texto dramático: diálogo e monólogo, a representación e os subxéneros dramáticos.
- **Lingua e sociedade:** as actitudes e os prexuízos lingüísticos.

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Utilizaranse principalmente os materiais e recursos dixitais do proxecto E-Dixgal. Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías a través de gravacións de textos, música e vídeos, así como do uso da Internet como fornecedora de información.

A exposición dos aspectos teóricos desenvolverase na aula. A realización das actividades por parte do alumnado poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique a profesora, e corrixiranse posteriormente na aula. Cómpre que o alumnado dispoña dun caderno no que realizar as actividades propostas.

Tamén se fará uso dos libros de lectura marcados polo Departamento, que o alumnado deberá ler de forma independente, podendo facerse na clase actividades, comentarios ou coloquios sobre eles.

No caso de ter que desenvolver unha docencia telemática ou semipresencial, a comunicación co alumnado e o tratamento dos contidos realizarase a través do EVA E-Dixgal e/ou de Webex.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (60%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación.
  - Penalizarase con **-0,1 cada falta de ortografía e gramaticalidade** (mala colocación dos pronomes, uso de verbos compostos...), ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación.
- **LIBRO DE LECTURA (20%).** En cada avaliación deberase ler un libro de lectura, que será avaliado a través dunha proba ou dun traballo (orais ou escritos).
  - No caso das probas e traballos escritos, aplicaranse as mesmas penalizacións sobre ortografía e gramática do apartado anterior.
- **TRABALLOS ESCRITOS OU ORAIS, REDACCIÓNS OU COMENTARIOS (10%).** O alumnado realizará unha pequena proba, traballo ou exposición oral (específicos ou relacionados co libro de lectura) onde se avaliará a súa expresión oral en galego mediante unha listaxe de control ou rúbrica.
- **TRABALLO DIARIO (10%).** Valorarase traer á clase o material necesario, a realización das tarefas propostas (tanto na aula coma fóra dela), a posta ao día do caderno (a profesora poderá recollelo tantas veces como estime oportuno sen ter que avisar previamente ao alumnado), a actitude e participación e o emprego da lingua galega durante as clases.

A avaliación é progresiva, polo que o feito de aprobar unha avaliación recupera a anterior, a menos que a calificación sexa 3 ou inferior. Se o estudante suspendese todas as avaliacións ou a terceira, disporá dunha proba obxectiva extraordinaria en xuño.

Cómpre en calquera caso dos antes especificados, a entrega das actividades de lectura propostas para as obras obrigatorias, sendo motivo a non entrega de non alcanzar unha valoración positiva na materia.

#### **AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:**

Nesta convocatoria o alumnado deberá examinarse de aqueles contidos suspensos vistos no curso mediante un exame no que se aplicarán as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática.

#### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións teña decimais, esta redondearase cara arriba a partir do 0,5.
- O feito de sorprender ao alumnado copiando durante calquera proba avaliable, implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.

#### **4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

Non hai alumnado nesta situación.

#### **5. LIBROS**

**Libro de texto:** *Material EDIXGAL 1º ESO e libro 1º ESO Lingua galega e literatura. Editorial Anaya.*

**Libros de lectura:** Ditas lecturas escolleranse segundo a dispoñibilidade da Biblioteca do centro. Segundo a oferta, escollerase unha única lectura para toda a aula, ou ben o profesorado facilitará unha listaxe de lecturas das que o alumnado poderá escoller de forma individual.

Dita elección terase en conta unha vez analizada a avaliación inicial do grupo.

A avaliación da lectura consistirá ben nunha proba escrita común a toda a clase, ou ben un traballo individual cuxas pautas serán facilitadas ao alumnado na aula e estará dispoñible a través da plataforma EDIXGAL.

O alumnado tamén poderá mellorar a súa nota facendo algunha lectura voluntaria. A devandita lectura sumará 0,25 puntos até un máximo de 0,5 puntos. A avaliación desta lectura poderá facerse mediante unha proba escrita ou un traballo.

#### **6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

Acudir á clase cos materiais necesarios, atender as explicacións dadas polos docentes, participar activamente e realizar as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela.

É recomendable que garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle ao profesorado as posibles dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	2º ESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>PROFESOR/A:</b>	Begoña Miguéns García

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura e/ou audición de textos seleccionados; creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> nomes de lugar: a toponimia galega, os xentilicios; as relacións semánticas; a polisemia e a homonimia.</li> <li>• <b>Funcionamento da lingua:</b> o substantivo; o adxectivo determinativo e o adxectivo cualificativo; os pronomes: pronomes persoais, colocación do pronome átono; o verbo: formas verbais, conxugación verbal e verbos regulares.</li> <li>• <b>Ortografía:</b> o alfabeto; a división silábica; a acentuación: regras xerais e casos especiais.</li> <li>• <b>Comunicación e educación literaria:</b> a comunicación: o proceso comunicativo, elementos da comunicación e funcións da linguaxe; as modalidades textuais: textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos e argumentativos; textos da vida cotiá: o diario, a carta, o correo electrónico, o aviso, a solicitude, os blogs e as redes sociais; textos dos medios de comunicación; a noticia, a reportaxe, a crónica e o artigo xornalístico.</li> <li>• <b>Lingua e sociedade:</b> os prexuízos lingüísticos; o status da lingua galega; as variedades internas da lingua.</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura e/ou audición de textos seleccionados; creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> sinonimia e antonimia; hiponimia e hiperonimia; campo lexical e campo semántico; palabras simples e complexas; a formación de palabras: a derivación.</li> <li>• <b>Funcionamento da lingua:</b> o verbo: verbos semirregulares, infinitivo flexionado e perífrases verbais; os sintagmas; a oración simple: suxeito, predicado, CD e CI.</li> <li>• <b>Ortografía:</b> outros casos especiais de acentuación; o uso de &lt;s&gt;, &lt;x&gt;, &lt;ll&gt; e &lt;i&gt;; os grupos consonánticos.</li> <li>• <b>Comunicación e educación literaria:</b> textos da vida académica: o cuestionario, o resumo, o esquema, o informe e a presentación dixital; os textos literarios e a linguaxe literaria; a narración literaria; a novela.</li> <li>• <b>Lingua e sociedade:</b> a diversidade lingüística.</li> </ul>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión e expresión oral e escrita:</b> lectura e/ou audición de textos seleccionados; creación de textos orais e escritos.</li> <li>• <b>Léxico:</b> a formación de palabras: a composición e a parasíntese; a familia de palabras; os prefixos e os sufixos; os conectores; as frases feitas e os refráns.</li> </ul>

- **Funcionamento da lingua:** a oración simple: complemento predicativo, complemento de réxime, complemento axente e complemento circunstancial; clases de oracións; as propiedades do texto: coherencia, cohesión e adecuación.
- **Ortografía:** palabras xuntas e separadas; os signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos, a raia, as comiñas, os signos de interrogación e de exclamación e a barra.
- **Comunicación e educación literaria:** o cinema: xéneros e linguaxe cinematográfica; a lírica: versos, rima e recursos; o teatro: características e subxéneros; a literatura de transmisión oral.
- **Lingua e sociedade:** a normalización lingüística; a lusofonía.

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Utilizaranse principalmente os materiais e recursos dixitais do proxecto E-Dixgal. Alén disto, completaranse con outros materiais e recursos didácticos seleccionados ou elaborados polo profesor para ampliar ou reforzar os contidos, que se lle facilitarán ao alumnado durante o desenvolvemento das clases ou a través do EVA EDixgal. Empregaranse, sempre que sexa posíbel, as novas tecnoloxías a través de gravacións de textos, música e vídeos, así como do uso da Internet como provedora de información.

A exposición dos aspectos teóricos desenvolverase na aula. A realización das actividades por parte do alumnado poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique o profesor, e corríxirase posteriormente na aula, ou ben serán corrixidas individualmente polo docente. Cómpre que o alumnado dispoña dun caderno no que realizar as actividades propostas.

Tamén se fará uso dos libros de lectura marcados polo Departamento, que o alumnado deberá ler de forma independente fóra da aula, podendo facerse na clase actividades, comentarios ou coloquios sobre eles.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

### CÁLCULO DA NOTA DE CADA AVALIACIÓN:

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (60%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación.
  - Penalizarase con **-0,1 cada falta de ortografía e gramaticalidade** (mala colocación dos pronomes, uso de verbos compostos...), ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación
- **LIBRO DE LECTURA (15%).** En cada avaliación deberase ler un libro de lectura, que será avaliado a través dunha proba ou dun traballo (orais ou escritos).
  - Valorarase a comprensión lectora e a expresión oral e/ou escrita, segundo corresponda
  - No caso das probas e traballos escritos, aplicaranse as mesmas penalizacións sobre ortografía e gramática do apartado anterior
- **ORALIDADE (15%).** O alumnado realizará unha pequena proba, traballo ou exposición oral (específicos ou relacionados co libro de lectura) onde se avaliará a súa expresión oral en galego mediante unha listaxe de control ou rúbrica (heteroavaliación e coavaliación). Alén disto, tamén se levará un control diario deste apartado.
- **TRABALLO DIARIO (10%).** Valorarase a asistencia á clase co material necesario, a realización das tarefas propostas (tanto na aula coma fóra dela), a posta ao día do caderno (o profesor poderá recollelo tantas veces como estime oportuno sen ter que avisar previamente ao alumnado), a actitude e participación e o emprego da lingua galega durante as clases. O procedemento seguido será a observación sistemática por parte do profesor e o rexistro no seu caderno de aula.

### **AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:**

A nota final do curso será o resultado de calcular a media das tres avaliacións, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. O alumnado que despois de calcular a media das tres avaliacións non acade un mínimo de 5, deberá facer un **exame final de recuperación** en xuño, no que se avaliará de todos os contidos vistos ao longo do curso. Neste exame aplicaranse as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática.

### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións ou no exame final de recuperación teña decimais, esta redondearase do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ao 5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores ao 5, cara arriba.
- O feito de sorprender ao alumnado copiando durante a realización dalgunha das probas da avaliación ou do exame final de recuperación implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.
- Se o alumnado non se presenta a algunha das probas de avaliación, esta só se lle repetirá se achega un xustificante que acredite a imposibilidade de realizar dita proba na data fixada.

## **4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

O alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores terá a posibilidade de recuperala ao longo do presente curso. A recuperación levarase a cabo mediante a **realización de boletíns de actividades trimestrais**, que deben entregarse resoltos nas datas propostas. Para o estudo da materia e a realización destes boletíns, o profesorado proporcionarlle ao alumnado material de estudo.

O alumnado que non supere a materia a través dos boletíns de actividades realizados durante o curso, deberá presentarse a un **exame final no mes de maio** que abrangha todos os contidos do curso. A nota mínima para aprobar é un 5, unha vez descontadas as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada erro ata un máximo de -2 puntos.

Os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que rexen para este alumnado son os especificados para o nivel correspondente á materia pendente.

## **5. LIBROS**

**Libro de texto dixital:** *Material EDIXGAL 2º ESO - Lingua Galega e Literatura.*

### **Libros de lectura obrigada:**

1º TRIMESTRE: *Mentira*, Care Santos, Ed. Rodeira.

2º TRIMESTRE: *22 segundos*, Eva Mejuto, Ed. Xerais.

3º TRIMESTRE: *Unha estrela no vento*, Leticia Costas, Ed. Xerais.

## **6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

O alumnado debe acudir á clase cos materiais necesarios, atender as explicacións dadas pola profesora, participar activamente e realizar as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela.

É recomendábel que garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle ao docente as posíbeis dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

Cómpre seguir en todo momento as recomendacións dadas pola profesora.



## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	3º ESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>PROFESOR/A:</b>	Sara Filgueira Lorenzo

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 1:</b> Palabras patrimoniais, cultas e semicultas; latinismos e grecismos. Introducción á literatura e á linguaxe literaria: etapas da literatura galega; a literatura popular. Introducción á literatura medieval. A formación da lingua galega. O galego na Idade Media. Regras xerais de acentuación, encontros vocálicos e uso da diérese.</li> <li>• <b>UNIDADE 2:</b> As relacións semánticas. O galego e a lusofonía. A estrutura das palabras. A lírica profana medieval (I): aspectos formais; as cantigas de amigo e de amor. A acentuación diacrítica.</li> <li>• <b>UNIDADE 3:</b> A creación de palabras: derivación e composición. A lírica profana medieval (II): cantigas de escarnio e maldizer; outros xéneros. A lírica relixiosa medieval. A prosa medieval. O substantivo e o adxectivo. Uso das maiúsculas e das minúsculas.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 4:</b> As tipoloxías textuais. Os Séculos Escuros e a Ilustración. O galego medio. Os determinantes e os pronomes. Os signos de puntuación (I).</li> <li>• <b>UNIDADE 5:</b> Os textos da vida cotiá. O Prerrexurdimento e o Rexurdimento. O pronome persoal. Os signos de puntuación (II).</li> <li>• <b>UNIDADE 6:</b> Os textos dos medios de comunicación. Rosalía de Castro. A lingua galega do século XIX a 1916. O verbo. Os signos de puntuación (III).</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 7:</b> A toponimia. Os textos da vida académica. Eduardo Pondal. Unidades e funcións sintácticas (I): sintagma e oración; suxeito e predicado. Uso de grafías conflitivas (I).</li> <li>• <b>UNIDADE 8:</b> O texto publicitario. Curros Enríquez. A lingua galega na actualidade (I): contacto entre linguas e normalización lingüística. Unidades e funcións sintácticas (II): CD, CI, Atributo, C. Predicativo, C. Réxime, C. Axente e C. Circunstancial. Uso de grafías conflitivas (II).</li> <li>• <b>UNIDADE 9:</b> O texto electrónico. A narrativa e o teatro do Rexurdimento. A literatura de fin de século. A lingua galega na actualidade (II): prexuízos e interferencias lingüísticas. Unidades e funcións sintácticas (III): a oración simple e complexa. Palabras parónimas e homónimas.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Utilizaranse principalmente os materiais e recursos da editorial Netex-Smart do nivel de 3º ESO vinculados ao proxecto E-Dixgal, que serán empregados como libro de texto dixital. Estes completaranse con outros materiais e recursos didácticos seleccionados ou elaborados pola profesora en función das necesidades e características do alumnado, para desenvolver, ampliar ou reforzar os contidos. Estes recursos facilitaráselle ao alumnado durante o desenvolvemento das clases ou a través do EVA E-Dixgal. Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías e a prensa diaria.

A exposición dos aspectos teóricos, así como a resolución das posibles dúbidas do alumnado, desenvolverase na aula. A realización de exercicios e outras tarefas prácticas por parte do alumnado poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique a profesora, e corríxiranse posteriormente na aula, ou ben serán corrixidas individualmente pola docente. Cómpre que o alumnado dispoña dun caderno ou similar no que realizar as actividades propostas.

Tamén se fará uso dos libros de lectura marcados polo Departamento, que o alumnado deberá ler de forma autónoma fóra da aula (salvo que a profesora indique o contrario), podendo facerse na clase actividades, comentarios ou coloquios sobre eles.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

### **CÁLCULO DA NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL:**

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (70%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación (1º exame 35% + 2º exame 35%).
  - Poderán incluírse en cada exame aspectos xa valorados en probas previas
  - Penalizarase con **-0,1 cada falta de ortografía e gramaticalidade** (mala colocación dos pronomes, uso de tempos verbais compostos...), ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación dos textos
- **LECTURA DUNHA OBRA LITERARIA (15%).** En cada avaliación deberase ler un libro de lectura, que será avaliado a través dunha proba escrita (control de lectura) e/ou dun traballo (oral ou escrito) cualificado mediante unha táboa de indicadores (rúbrica).
  - Valorarase a comprensión lectora e a expresión oral e/ou escrita, segundo corresponda
  - No caso das probas escritas, aplicaranse as mesmas penalizacións sobre ortografía e gramática do apartado anterior
- **TRABALLO DIARIO (15%).** Valorarase o traballo do alumnado ao longo do trimestre, atendendo aos seguintes aspectos: a asistencia á clase co material necesario, a realización das tarefas propostas diariamente (tanto na aula coma fóra dela), a participación activa e o emprego da lingua galega durante as clases. O procedemento seguido será a observación sistemática por parte da profesora, o rexistro da información no seu caderno de aula e a súa posterior avaliación mediante unha táboa de indicadores.

### **CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:**

A nota da avaliación final ordinaria será o resultado de calcular a media aritmética das notas medias obtidas nas tres avaliacións parciais, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. O cálculo farase coas notas reais das avaliacións parciais e non coas redondeadas.

O alumnado que despois de calcular a media das tres avaliacións non acade unha cualificación mínima de 5 puntos, terá a posibilidade de realizar un **exame final de recuperación** en xuño, no que se avaliará de todos



os contidos vistos ao longo do curso. Neste exame aplicaranse as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada falta, ata un máximo de -2 puntos.

Non se realizarán probas de recuperación específicas para cada exame, traballo ou avaliación parcial.

#### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que o alumnado desenvolva as probas de avaliación nunha lingua distinta do galego, estas serán cualificadas con 0 puntos.
- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións parciais, na avaliación final ordinaria ou no exame final de recuperación teña decimais, esta redondearase a un número enteiro do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ao 5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores ao 5, cara arriba.
- O feito de sorprender ao alumnado copiando durante a realización dalgunha das probas da avaliación ou do exame final de recuperación implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.
- Se o alumnado non se presenta a algunha das probas de avaliación, esta só se lle repetirá se achega un xustificante que acredite a imposibilidade de realizar dita proba na data fixada.

#### **4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

O alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores terá a posibilidade de recuperala ao longo do presente curso. A recuperación levarase a cabo mediante a **realización de boletíns de actividades trimestrais**, que deben entregarse resoltos nas datas propostas. Para o estudo da materia e a realización destes boletíns, o profesorado proporcionarlle ao alumnado material de estudo.

O alumnado que non supere a materia a través dos boletíns de actividades realizados durante o curso, deberá presentarse a un **exame final no mes de maio** que abrangha todos os contidos do curso. A nota mínima para aprobar é un 5, unha vez descontadas as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada erro ata un máximo de -2 puntos.

Os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que rexen para este alumnado son os especificados para o nivel correspondente á materia pendente.

#### **5. LIBROS**

**Libro de texto dixital:** *Material EDIXGAL 3º ESO - Lingua Galega e Literatura* da editorial Netex-Smart.

##### **Libros de lectura obrigada:**

1º TRIMESTRE: *O que sei do silencio*, Andrea Maceiras, Ed. Xerais

2º TRIMESTRE: *A ladroa da biblioteca de Meirás*, Eva Mejuto, Ed. Xerais

3º TRIMESTRE: *Os nenos da varíola*, María Solar, Ed. Galaxia

#### **6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

É indispensable que o alumnado acuda á clase cos materiais necesarios, atenda ás explicacións, participe activamente e realice as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela.

É recomendable que garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle á docente as posibles dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

Cómpre seguir en todo momento as recomendacións dadas pola profesora.

## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	4º ESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>PROFESOR/A:</b>	Begoña Miguéns García

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 1:</b> As propiedades do texto. Palabras tabú, eufemismos e disfemismos. As tipoloxías textuais. Os signos de puntuación. A diversidade lingüística. Introducción á literatura galega: etapas na historia da literatura galega.</li> <li>• <b>UNIDADE 2:</b> O resumo, o esquema e o mapa conceptual. A estrutura das palabras. Fonética e fonoloxía (I): o vocalismo. A acentuación (I). As variedades lingüísticas. A literatura no tempo das Irmandades da Fala.</li> <li>• <b>UNIDADE 3:</b> O texto argumentativo. A innovación léxica e terminolóxica. Fonética e fonoloxía (II): o consonantismo. A acentuación (II). A estandarización do galego e a lusofonía. O Grupo Nós.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 4:</b> A publicidade. As relacións semánticas (I): hiperonimia-hiponimia e meronimia-holonimia. Procesos de formación de palabras. Ortografía: prefixos e sufixos. A lingua galega no primeiro terzo do século XX. As vangardas.</li> <li>• <b>UNIDADE 5:</b> Os textos do ámbito laboral. As relacións semánticas (II): sinonimia e antonimia. As categorías gramaticais. Uso de <i>c/z</i> e <i>s/x</i>. A lingua galega entre 1936 e 1975. A literatura durante a Guerra Civil e a diáspora.</li> <li>• <b>UNIDADE 6:</b> Os xéneros de opinión. As relacións semánticas (III): polisemia e homonimia. O verbo. Os grupos consonánticos (I). O conflito lingüístico. A literatura da posguerra.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 7:</b> Os textos do ámbito administrativo. As desviacións da lingua estándar. Sintaxe (I): unidades e funcións; os sintagmas. Os grupos consonánticos (II). Os prexuízos lingüísticos. A Nova Narrativa Galega.</li> <li>• <b>UNIDADE 8:</b> Os traballos académicos. Abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos. Sintaxe (II): a oración simple; os complementos do verbo. Uso de <i>b/v</i> e <i>h</i>. A lingua galega dende 1975; normalización e normativización lingüísticas. A literatura de 1975 aos 2000.</li> <li>• <b>UNIDADE 9:</b> A onomástica: topónimos e antropónimos. A fraseoloxía galega. Sintaxe (III): as oracións compostas. Escritura de palabras xuntas e separadas. A situación actual da lingua. A literatura galega actual.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>* En cada unidade traballarase a comprensión e produción de textos orais e escritos, que se abordará de maneira integrada cos contidos anteriores.</i></p>

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Utilizaranse principalmente os materiais e recursos dixitais do proxecto E-Dixgal. Estes completaranse con outros materiais e recursos didácticos seleccionados ou elaborados pola profesora para ampliar ou reforzar os contidos, que se lle facilitarán ao alumnado durante o desenvolvemento das clases ou a través do EVA E-Dixgal. Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías a través de gravacións de textos, música e vídeos, así como do uso da Internet como fornecedora de información.

A exposición dos aspectos teóricos desenvolverase na aula. A realización das actividades por parte do alumnado poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique a profesora, e corríxiranse posteriormente na aula, ou ben serán corrixidas individualmente pola docente. Cómpre que o alumnado dispoña dun caderno ou similar no que realizar as actividades propostas.

Tamén se fará uso dos libros de lectura marcados polo Departamento, que o alumnado deberá ler de forma independente fóra da aula, podendo facerse na clase actividades, comentarios ou coloquios sobre eles.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

### **CÁLCULO DA NOTA DE CADA AVALIACIÓN:**

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (70%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación.
  - Poderán incluírse en cada exame aspectos xa valorados en probas previas
  - Penalizarase con **-0,1 cada falta de ortografía e gramaticalidade** (mala colocación dos pronomes, uso de verbos compostos...), ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación
- **LIBRO DE LECTURA (15%).** En cada avaliación deberase ler un libro de lectura, que será avaliado a través dunha proba e/ou dun traballo (orais ou escritos).
  - Valorarase a comprensión lectora e a expresión oral e/ou escrita, segundo corresponda
  - No caso das probas e traballos escritos, aplicaranse as mesmas penalizacións sobre ortografía e gramática do apartado anterior
- **TRABALLO DIARIO (15%).** Valorarase a asistencia á clase co material necesario, a realización das tarefas propostas (tanto na aula coma fóra dela), a actitude e participación e o emprego da lingua galega durante as clases. O procedemento seguido será a observación sistemática por parte da profesora e o rexistro no seu caderno de aula.

### **AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:**

A nota final do curso será o resultado de calcular a media das tres avaliacións, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. O alumnado que despois de calcular a media das tres avaliacións non acade un mínimo de 5, deberá facer un **exame final de recuperación** en xuño, no que se avaliará de todos os contidos vistos ao longo do curso. Neste exame aplicaranse as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática.

### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións ou no exame final de recuperación teña decimais, esta redondearase do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ao 5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores ao 5, cara arriba.

- O feito de sorprenden ao alumnado copiando durante a realización dalgunha das probas da avaliación ou do exame final de recuperación implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.
- Se o alumnado non se presenta a algunha das probas de avaliación, esta só se lle repetirá se achega un xustificante que acredite a imposibilidade de realizar dita proba na data fixada.

#### 4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

O alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores terá a posibilidade de recuperala ao longo do presente curso. A recuperación levarase a cabo mediante a **realización de boletíns de actividades trimestrais**, que deben entregarse resoltos nas datas propostas. Para o estudo da materia e a realización destes boletíns, o profesorado proporcionaralle ao alumnado material de estudo.

O alumnado que non supere a materia a través dos boletíns de actividades realizados durante o curso, deberá presentarse a un **exame final no mes de maio** que abrangan todos os contidos do curso. A nota mínima para aprobar é un 5, unha vez descontadas as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada erro ata un máximo de -2 puntos.

Os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que rexen para este alumnado son os especificados para o nivel correspondente á materia pendente.

#### 5. LIBROS

**Libro de texto dixital:** *Material EDIXGAL 4º ESO - Lingua Galega e Literatura.*

**Libros de lectura obrigada:**

1º TRIMESTRE: *Retrincos*, Alfonso R. Castelao

2º TRIMESTRE: *Un monstro vén a verme*, Patrick Ness, Ed. Faktoría de libros

3º TRIMESTRE: *Beleza vermella*, Arantza Portabales, Ed. Galaxia

#### 6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O alumnado debe acudir á clase cos materiais necesarios, atender as explicacións dadas pola profesora, participar activamente e realizar as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela.

É recomendable que garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle á docente as posibles dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

Cómpre seguir en todo momento as recomendacións dadas pola profesora.

## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	1º BAC	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura I	<b>PROFESOR/A:</b>	Sara Filgueira Lorenzo

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? *(Distribución aproximada dos contidos)*

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES</b> (Unidades 1 e 10): A comunicación: os elementos da comunicación, as funcións da linguaxe, o signo lingüístico. As variedades lingüísticas. O galego como lingua románica: a formación da lingua. O galego na Idade Media.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN</b> (Unidades 3 e 4): O texto descritivo. O texto dialogal. / Comprensión de textos orais pertencentes a diversas tipoloxías e rexistros. Produción de textos orais en intervencións espontáneas e formais. * Os contidos deste bloque traballaranse de maneira integrada cos dos outros bloques</li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA</b> (Unidades 9, 10 e 11): Introducción á literatura galega. O comentario de textos literarios. A literatura galego-portuguesa medieval: cuestións xerais. A lírica profana medieval (I): a cantiga de amigo e a cantiga de amor.</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA</b> (Unidades 3, 4 e 5): O substantivo. O adxectivo. Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos. As relacións semánticas. Os préstamos cultos do latín e do grego. Repaso de ortografía (Unidades 1, 2 e 3).</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES</b> (Unidades 2 e 13): A diversidade lingüística (I): o multilingüismo; as linguas no mundo; conflito, bilingüismo e diglosia; linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. O galego durante os Séculos Escuros e o Prerrexurdimento.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN</b> (Unidades 5 e 6): O texto narrativo. O texto expositivo. / Comprensión de textos orais pertencentes a diversas tipoloxías e rexistros. Produción de textos orais en intervencións espontáneas e formais. * Os contidos deste bloque traballaranse de maneira integrada cos dos outros bloques</li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA</b> (Unidades 12 e 13): A lírica profana medieval (II): a cantiga de escarnio e maldicir, os xéneros menores. A lírica relixiosa medieval: as Cantigas de Santa María. A prosa medieval. Os Séculos Escuros.</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA</b> (Unidades 5, 6 e 7): As palabras adnominais: artigo, demostrativo, posesivo, identificadores, ordinais e cuantificadores. O verbo (I): definición, estrutura, tipos, modos e tempos verbais. Desviacións da norma: castellanismos, hipergaleguismos, vulgarismos e arcaísmos. Repaso de ortografía (Unidades 4, 5 e 6).</li> </ul>

3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES</b> (Unidades 2 e 14): A diversidade lingüística (II): a diversidade lingüística en España, a lusofonía. O galego no Rexurdimento.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN</b> (Unidades 7 e 8): O texto argumentativo. O comentario crítico de textos. / Comprensión de textos orais pertencentes a diversas tipoloxías e rexistros. Produción de textos orais en intervencións espontáneas e formais. * Os contidos deste bloque traballaranse de maneira integrada cos dos outros bloques</li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA</b> (Unidades 14, 15 e 16): O Rexurdimento: cuestión xerais, os Precusores. O Rexurdimento pleno: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez. A prosa e o teatro do Rexurdimento.</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA</b> (Unidades 7 e 8): O verbo (II): formas non persoais, perífrases verbais. Adverbios, preposicións e conxuncións. Fraseoloxía. Repaso de ortografía (Unidades 7 e 8).</li> </ul>
-----------------	--

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? *(Desenvolvemento dos contidos)*

Utilizarase o libro de texto *Lingua galega e literatura 1º Bacharelato* de Baía Edicións como manual de referencia (a secuenciación das unidades do libro farase como aparece reflectido no apartado anterior). Este recurso completarase con outros materiais e recursos didácticos (lecturas, páxinas web, vídeos, apuntamentos, fichas etc.) seleccionados ou elaborados pola profesora, que se lle facilitarán ao alumnado durante o desenvolvemento das clases ou a través da Aula Virtual do centro. Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías e a prensa diaria.

A exposición dos aspectos teóricos, así como a resolución das posibles dúbidas do alumnado, desenvolverase na aula. A realización de exercicios e outras tarefas prácticas por parte do alumnado poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique a profesora, e corríxiranse posteriormente na aula, ou ben serán corrixidas individualmente pola docente. Cómpre que o alumnado dispoña dun caderno ou similar no que realizar as actividades propostas.

Tamén se fará uso dos libros de lectura marcados polo Departamento, que o alumnado deberá ler de forma autónoma fóra da aula (salvo que a profesora indique o contrario), podendo facerse na clase actividades, comentarios ou coloquios sobre eles.

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

### **CÁLCULO DA NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL:**

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (80%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación (1º exame 40% + 2º exame 40%).
  - Poderán incluírse en cada exame aspectos xa valorados en probas previas
  - Penalizarase con **-0,1 cada falta de ortografía e gramaticalidade** (mala colocación dos pronomes, uso de tempos verbais compostos...), ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación dos textos
- **LECTURA DUNHA OBRA LITERARIA (10%).** En cada avaliación deberase ler un libro de lectura, que será avaliado a través dunha proba escrita (control de lectura) e/ou dun traballo (oral ou escrito) cualificado mediante unha táboa de indicadores (rúbrica).
  - Valorarase a comprensión lectora e a expresión oral e/ou escrita, segundo corresponda
  - No caso das probas escritas, aplicaranse as mesmas penalizacións sobre ortografía e gramática do apartado anterior



- **TRABALLO DIARIO (10%).** Valorarase o traballo do alumnado ao longo do trimestre, atendendo aos seguintes aspectos: a asistencia á clase co material necesario, a realización das tarefas propostas diariamente (tanto na aula coma fóra dela), a participación activa e o emprego da lingua galega durante as clases. O procedemento seguido será a observación sistemática por parte da profesora, o rexistro da información no seu caderno de aula e a súa posterior avaliación mediante unha táboa de indicadores.

### **CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:**

A nota da avaliación final ordinaria será o resultado de calcular a media aritmética das notas medias obtidas nas tres avaliacións parciais, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. O cálculo farase coas notas reais das avaliacións parciais e non coas redondeadas.

O alumnado que despois de calcular a media das tres avaliacións non acade unha cualificación mínima de 5 puntos, terá a posibilidade de realizar un **exame final de recuperación**, no que se avaliará de todos os contidos vistos ao longo do curso. Neste exame aplicaranse as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada falta, ata un máximo de -2 puntos.

Non se realizarán probas de recuperación específicas para cada exame, traballo ou avaliación parcial.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:**

Na convocatoria extraordinaria o alumnado deberá examinarse de todos os contidos vistos no curso mediante un exame no que se aplicarán as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática.

### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que o alumnado desenvolva as probas de avaliación nunha lingua distinta do galego, estas serán cualificadas con 0 puntos.
- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións parciais, no exame final de recuperación, na avaliación final ordinaria ou na proba extraordinaria teña decimais, esta redondearase a un número enteiro do seguinte xeito:
  - Na 1ª, 2ª e 3ª avaliación: se os decimais son inferiores a 0,75 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores a 0,75, cara arriba
  - Na avaliación final ordinaria, no exame final de recuperación e na proba extraordinaria: se os decimais son inferiores a 0,5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores a 0,5, cara arriba
- O feito de sorprenden ao alumnado copiando durante a realización dalgunha das probas das avaliacións, do exame final de recuperación ou do exame extraordinario, implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.
- Se o alumnado non se presenta a algunha das probas de avaliación, esta só se lle repetirá se achega un xustificante que acredite a imposibilidade de realizar dita proba na data fixada.

## **4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

O alumnado que curse Lingua Galega e Literatura I de 1º de Bacharelato e que teña a materia suspensa nalgún nivel da ESO non terá a posibilidade de recuperala, xa que corresponde a outra etapa educativa.

O alumnado que curse Lingua Galega e Literatura II de 2º de Bacharelato e que teña a materia de Lingua Galega e Literatura I de 1º de Bacharelato pendente, terá a posibilidade de recuperala ao longo do presente curso. A docente que lle imparta clase en 2º de Bacharelato programará a atención deste alumnado, atendendo á resolución de dúbidas, o seguimento do estudo da materia e a proposta de actividades e probas de avaliación.

A recuperación da materia pendente levarase a cabo mediante a realización dun exame no mes de abril. Os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que rexen para este alumnado son os especificados na programación do curso no que estea suspenso.

Neste exame aplicaranse as seguintes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada erro, ata un máximo de -2 puntos. Para superar a materia pendente, a nota da proba debe ser igual ou superior a 5 puntos, unha vez descontadas as correspondentes penalizacións. No caso de que a nota obtida teña decimais, esta redondearase a un número enteiro do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ao 5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores ao 5, cara arriba.

Para a preparación da proba, a docente proporalle ó alumnado boletíns de actividades periódicos ao longo do curso, que este debe facer e entregar resoltos nas datas acordadas como práctica para o exame final, no que se incluírán actividades similares ás recollidas nos boletíns. A docente corraxirá e devolveralle estes boletíns ó alumnado antes da data do exame.

## 5. LIBROS

**Libro de texto:** *Lingua galega e literatura 1º Bacharelato*, de Baía Edicións

### **Libros de lectura obrigada:**

1º TRIMESTRE: *Beleza vermella*, Arantza Portabales, Ed. Galaxia / *A vida secreta de Úrsula Bas*, Arantza Portabales, Ed. Galaxia

2º TRIMESTRE: *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas, Ed. Galaxia

3º TRIMESTRE: *Senlleiras*, Antía Yáñez, Ed. Galaxia / *Fun Home. Unha familia traxicómica*, Alison Bechdel. Ed.: Rinoceronte / *O home que matou a Antía Morgade*, Arantza Portabales, Ed. Galaxia.

## 6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

É indispensable que o alumnado acuda á clase cos materiais necesarios, atenda ás explicacións, participe activamente e realice as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela.

É recomendable que garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle á docente as posibles dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

Cómpre seguir en todo momento as recomendacións dadas pola profesora.

## RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

<b>CURSO:</b>	2º BAC	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>MATERIA:</b>	Lingua Galega e Literatura II	<b>PROFESOR/A:</b>	Sara Filgueira Lorenzo

### 1. QUE TEMAS IMOS VER? *(Distribución aproximada dos contidos)*

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES:</b> O galego no primeiro terzo do século XX. Conceptos básicos de Sociolingüística. Estereotipos e prexuízos lingüísticos.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN:</b> Comprensión de textos orais pertencentes a diversas tipoloxías e rexistros. Produción de textos orais en intervencións espontáneas e formais. Resumo, estrutura, esquema de ideas principais e secundarias, intención comunicativa e tema dos textos. Explicación do significado de palabras e expresións. As propiedades do texto; mecanismos de cohesión textual. O texto argumentativo e o texto expositivo.  <i>* Os contidos relativos á oralidade traballaranse de maneira integrada cos dos outros bloques.</i></li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA:</b> A poesía das Irmandades da Fala. A poesía de vangarda. A prosa do primeiro terzo do XX. O teatro do primeiro terzo do XX.</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA:</b> Repaso de ortografía e acentuación. A estrutura das palabras: tipos de morfemas, tipos de palabras e procedementos de formación de palabras. O substantivo e o adxectivo. Sintaxe (I): unidades e funcións; sintagma e oración simple.</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES:</b> O galego de 1936 a 1978. Historia da normativización do galego.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN:</b> Repaso, reforzo e ampliación dos contidos traballados na 1ª avaliación.</li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA:</b> A literatura do exilio entre 1936 e 1975. A poesía entre 1936 e 1975. A prosa entre 1936 e 1975. A Nova Narrativa Galega</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA:</b> Fonética e fonoloxía. Os determinantes e os pronomes. Semántica: o signo lingüístico, o campo semántico e as relacións semánticas. O verbo. Sintaxe (II): oracións compostas: oracións coordinadas.</li> </ul>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>BLOQUE 1: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES:</b> O galego a finais do século XX e comezos do XXI. O galego, lingua en vías de normalización. As variedades internas da lingua: as variedades dialectais. As linguas da Península Ibérica.</li> <li>• <b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN:</b> Repaso, reforzo e ampliación dos contidos traballados na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>• <b>BLOQUE 3: EDUCACIÓN LITERARIA:</b> O teatro entre 1936 e 1975. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. O teatro de fins do XX e comezos do XXI.</li> <li>• <b>BLOQUE 4: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA:</b> Adverbios, preposicións e conxuncións. Sintaxe (III): oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais.</li> </ul>

**NOTA:** Estes contidos son susceptibles de sufrir lixeiras modificacións para adaptarse aos posibles futuros cambios nas directrices facilitadas polo grupo de traballo de Lingua Galega e Literatura respecto da proba ABAU.

## 2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Para desenvolver os contidos do curso, utilizaranse apuntamentos e materiais elaborados pola profesora, que se completarán con outros recursos didácticos (lecturas, vídeos etc.) seleccionados. Estes materiais facilitaráselle ao alumnado durante o desenvolvemento das clases ou a través da Aula Virtual do centro. Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías e a prensa diaria.

A exposición dos aspectos teóricos, así como a resolución das posibles dúbidas do alumnado, desenvolverase na aula. A realización de exercicios e outras tarefas prácticas poderá ter lugar na aula ou fóra dela, segundo indique a profesora, e corríxirase posteriormente na aula, ou ben serán corrixidas individualmente pola docente. Na proposta destas actividades, así como no deseño das probas de avaliación, **terase en conta o modelo de exame proposto para a ABAU.**

## 3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

### CÁLCULO DA NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL:

- **PROBAS ESCRITAS SOBRE OS CONTIDOS TRABALLADOS (85%).** Realizaranse dous exames en cada avaliación (1º exame 42,5% + 2º exame 42,5%).
  - Inclúiranse en cada exame aspectos xa valorados en probas previas
  - No deseño das probas **terase en conta o modelo de exame proposto para a ABAU**
  - Aplicaranse as penalizacións sobre ortografía e gramática establecidas para a proba da ABAU: **-0,2 por cada erro moi grave, -0,1 por cada erro grave e -0,05 por cada erro leve**, ata un máximo de -2 puntos
  - Na corrección das preguntas terase en conta, ademais do contido das respostas, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación dos textos
- **TRABALLO DIARIO (15%).** En cada avaliación propoñeráselle ao alumnado a realización de pequenas **tarefas para entregar** (comentarios, resumos, esquemas...), que serán avaliadas de 1 a 10 puntos cunha rúbrica. A media aritmética das cualificacións obtidas nas tarefas propostas suporá o 10% da nota, tendo en conta que as tarefas non entregadas terán unha cualificación de 0 puntos. O 5% restante corresponde á **actitude, traballo, participación activa e emprego da lingua galega** durante as clases, que serán avaliados mediante unha táboa de indicadores. O procedemento seguido será a observación sistemática por parte da profesora e o rexistro no seu caderno de aula.

### CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA:

A nota da avaliación final ordinaria será o resultado de calcular a media aritmética das notas medias obtidas nas tres avaliacións parciais, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. O cálculo farase coas notas reais das avaliacións parciais e non coas redondeadas.

O alumnado que despois de calcular a media das tres avaliacións non acade unha cualificación mínima de 5 puntos, terá a posibilidade de realizar un **exame final de recuperación**, no que se avaliará de todos os contidos vistos ao longo do curso. Neste exame aplicaranse as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática: -0,2 por cada erro moi grave, -0,1 por cada erro grave e -0,05 por cada erro leve, ata un máximo de -2 puntos.

Non se realizarán probas de recuperación específicas para cada exame, traballo ou avaliación parcial.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:**

Na convocatoria extraordinaria o alumnado deberá examinarse de todos os contidos vistos no curso mediante un exame no que se aplicarán as correspondentes penalizacións por ortografía e gramática.

#### **Outros aspectos a ter en conta:**

- No caso de que o alumnado desenvolva as probas de avaliación nunha lingua distinta do galego, estas serán cualificadas con 0 puntos.
- No caso de que a nota obtida nalgunha das avaliacións parciais, no exame final de recuperación, na avaliación final ordinaria ou na proba extraordinaria teña decimais, esta redondearase a un número enteiro do seguinte xeito:
  - Na 1ª, 2ª e 3ª avaliación: se os decimais son inferiores a 0,75 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores a 0,75, cara arriba
  - Na avaliación final ordinaria, no exame final de recuperación e na proba extraordinaria: se os decimais son inferiores a 0,5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores a 0,5, cara arriba
- O feito de sorprender ao alumnado copiando durante a realización dalgunha das probas das avaliacións, do exame final de recuperación ou do exame extraordinario, implicará o suspenso automático nesa proba, sendo a súa nota 0.
- Se o alumnado non se presenta a algunha das probas de avaliación, esta só se lle repetirá se achega un xustificante que acredite a imposibilidade de realizar dita proba na data fixada.

### **4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

O alumnado que curse Lingua Galega e Literatura II de 2º de Bacharelato e que teña a materia de Lingua Galega e Literatura I de 1º de Bacharelato pendente, terá a posibilidade de recuperala ao longo do presente curso. A docente que lle imparta clase en 2º de Bacharelato programará a atención deste alumnado, atendendo á resolución de dúbidas, o seguimento do estudo da materia e a proposta de actividades e probas de avaliación.

A recuperación da materia pendente levarase a cabo mediante a realización dun exame no mes de abril. Os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que rexen para este alumnado son os especificados na programación do curso no que estea suspenso.

Neste exame aplicaranse as seguintes penalizacións por ortografía e gramática: -0,1 por cada erro, ata un máximo de -2 puntos. Para superar a materia pendente, a nota da proba debe ser igual ou superior a 5 puntos, unha vez descontadas as correspondentes penalizacións. No caso de que a nota obtida teña decimais, esta redondearase a un número enteiro do seguinte xeito: se os decimais son inferiores a 5 redondearase cara abaixo e se son iguais ou superiores a 5, cara arriba.

Para a preparación da proba, a docente proporalle ó alumnado boletíns de actividades periódicos ao longo do curso, que este debe facer e entregar resoltos nas datas acordadas como práctica para o exame final, no que se incluírán actividades similares ás recollidas nos boletíns. A docente corraxirá e devolveralle estes boletíns ó alumnado antes da data do exame.

### **5. LIBROS**

Nas clases **non se empregará libro de texto**. Utilizaranse apuntamentos e materiais elaborados pola profesora, que se completarán con outros recursos didácticos (lecturas, vídeos etc.) seleccionados.

Así mesmo, non hai fixados libros trimestrais de lectura obrigada, mais a profesora facilitaralle ao alumnado escolmas de textos e/ou fragmentos representativos de cada etapa literaria segundo se vaia abordando cada período ou tendencia nas aulas.

## **6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

É indispensable que o alumnado acuda á clase cos materiais necesarios, atenda ás explicacións, participe activamente e realice as actividades propostas, tanto na aula coma fóra dela. Así mesmo, cando a profesora entregue apuntamentos con antelación, estes deben ser lidos previamente ao desenvolvemento da clase.

É recomendable que o alumnado garde de forma ordenada os materiais e que revise diariamente os contidos traballados para preguntarlle á docente as posibles dúbidas no momento no que lle vaian xurdindo.

Cómpre seguir en todo momento as recomendacións dadas pola profesora.